

Solicitud de activación da tarxeta de acceso aos aparcamentos do campus de Ourense

P.D.I. e P.A.S.

Nome e apelidos:
NIF:
Domicilio:
Despacho:
Teléfono:
Facultade/Escola:

Enderezo electrónico:
Matrícula do vehículo:

Alumnado

Nome e apelidos:
NIF:
Domicilio:
Teléfono:
Facultade/Escola:

Enderezo electrónico:
Matrícula do vehículo:

Outros: Persoal das empresas externas que realicen algún tipo de traballo no campus de Ourense

Nome e apelidos:
NIF:
Domicilio:
Teléfono:

Enderezo electrónico:
Matrícula do vehículo:

O uso dos estacionamentos do campus de Ourense implica a aceptación do regulamento aprobado pola Universidade de Vigo (ver anexo)

Sinatura do solicitante:

Data:

REGULAMENTO DO USO DOS ESTACIONAMENTOS DO CAMPUS DE OURENSE

(Aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo o 24 de maio de 2012)

Exposición de motivos

A necesidade de dar resposta eficaz á demanda de aparcamento da comunidade universitaria do campus de Ourense nos diferentes estacionamentos internos e externos, con acceso mediante tarxeta identificativa, debido as restricións de espazo para os vehículos, e a necesidade de corrixir certo tipo de conductas, precisa dun regulamento para mellorar a eficiencia e o uso racional dos recursos do campus de Ourense no relativo a estas instalacións.

Por este motivo, a finalidade do presente regulamento é delimitar as normas básicas para un correcto funcionamento e aproveitamento das instalacións.

Artigo 1. Usos diferenciados dos estacionamentos internos e externos do campus de Ourense con acceso mediante tarxeta identificativa.

1. Ós estacionamentos externos teñen autorización os/as seguintes usuarios/as: alumnos/as, Persoal de Administración e Servizos (PAS), Persoal Docente e Investigador (PDI) e o persoal que realice o seu traballo no campus (servizo de limpeza, cafetería, reprografía, bolseiros, ...)
 2. Ós estacionamentos internos dos edificios teñen autorización os/as seguintes usuarios/as: PAS, PDI, calquera usuario/a discapacitado/a que o solicite e o xustifique debidamente, o persoal que realice o seu traballo no campus (servizo de limpeza, cafetería, reprografía, bolseiros, ...) e empresas externas que estean realizando algún tipo de traballo no campus de Ourense, previa comunicación ao/a administrador/a do Centro
 3. O estacionamento externo do Edificio de Facultades, debido ó seu reducido número de prazas, quedará reservado para vehículos oficiais e como zona de carga e descarga.
 4. Naqueles casos que sexa necesario, e sempre e cando haxa dispoñibilidade, poderanse reservar prazas para os vehículos pertencentes ao parque móbil da Universidade.
- As prazas serán destinadas ao estacionamento de vehículos de tracción mecánica (automóbiles, motocicletas, ciclomotores e furgonetas dunha masa máxima autorizada inferior a 3.500 quilogramos), prohibíndose destinalas a calquera outro fin.

Artigo 2. O acceso aos estacionamentos.

1. Tódolos/as usuarios/as de vehículos que accedan ós estacionamentos do campus de Ourense deberán ter a tarxeta orixinal de autorización obtida conforme dispón o Anexo I deste regulamento.
2. As tarxetas de acceso e identificación son persoais e intransferibles, agás a membros autorizados ao aparcamento no estacionamento do que se trate ou tarxetas de uso institucional. Queda terminantemente prohibido o uso das prazas de estacionamento por persoas distintas ás autorizadas. O uso inadecuado das autorizacións a favor de terceiras persoas será causa de retirada da tarxeta. En ningún caso a concesión da tarxeta implica reserva de praza de estacionamento, dado que o espazo é limitado. Cada usuario/a so poderá estacionar un vehículo no garaxe.

3. O acceso aos garaxes sen a correspondente tarxeta, agás circunstancias excepcionais debidamente xustificadas ou xustificables, poderá dar lugar ao requirimento ao/a usuario/a para que retire de inmediato o vehículo.

Artigo 3. Estacionamento dos vehículos polas noites.

1. Os vehículos non poden quedar polas noites nos estacionamentos. Nembargantes, se fora necesario por razóns laborais, pódese facer por escrito na conserxería do centro correspondente, para que do mesmo tome coñecemento a vixilancia de seguridade. Asimesmo, se existen causas xustificadas, pódese solicitar o/a responsable da administración do centro a permanencia do vehículo por un período determinado.

Artigo 4. Usos e condutas indebidas nos estacionamentos

1. Relación de usos e condutas indebidas

Categoría 1: producir molestias a outros usuarios dos estacionamentos do campus, abandonar obxectos no espazo reservado para o estacionamento autorizado, aparcar ocupando máis dunha praza de estacionamento, impedir a saída a outro vehículo ou obstaculizar o acceso a espazos de tránsito ou de entrada de persoas ou material e toda actividade que non se derive do uso normal do estacionamento.

Categoría 2: deixar o vehículo polas noites salvo autorización, a utilización da tarxeta por unha persoa distinta á concedida, impedir o acceso aos estacionamentos da universidade, aparcar nas zonas non permitidas (saídas de emerxencia, acceso as mangueras e extintores, sala de caldeiras, vías de acceso aos estacionamentos, etc.), utilizar as prazas reservadas para persoas con discapacidade, salvo no caso de ter algunha autorización para as mesmas, ou a comisión de tres usos ou condutas indebidas de categoría 1 no prazo de seis meses dende a primeira cometida.

Categoría 3: causar danos nas instalacións, cerramentos, etc, dos estacionamentos da universidade de forma intencionada ou a outros vehículos situados nos estacionamentos da universidade.

2. Medidas ao fin de evitar molestias aos usuarios ou danos nos estacionamentos

A realización dun uso ou conduta indebida categoría 1 levará aparellada un requirimento ao usuario para que retire de inmediato o vehículo.

A realización dun uso ou conduta indebida categoría 2 poderá conlevar, trala tramitación do oportuno expediente, a anulación da tarxeta magnética por un prazo de 6 meses.

A realización dun uso ou conduta indebida categoría 3 poderá conlevar, trala tramitación do oportuno expediente, a anulación da tarxeta magnética de forma indefinida.

3. Ditas medidas poderán ser aplicadas polo Reitor tras a tramitación de expediente contradictorio, que poderá ser encargado á persoa na que delegue o Reitor.

Disposición derradeira

O regulamento entrará en vigor a partires do día seguinte a súa publicación en tódolos centros e estacionamentos do campus de Ourense, tras a súa aprobación en Consello de Goberno.